

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E
UNIVERSIDADES**

ORGANISMO: DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Capítulo:	
Epígrafe:	
(para cubrir no Diario Oficial de Galicia)	

SUMARIO:

Orde do 16 de febreiro de 2023 pola que se convocan probas para a obtención de determinados carnés profesionais e habilitacións profesionais no ano 2023 (código de procedemento ED527A).

TEXTO:

Na Orde do 16 de marzo de 2011 da Consellería de Economía e Industria (actualmente Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación) establécese que a consellería competente regulará mediante orde o procedemento e a convocatoria para a realización dos exames encamiñados á obtención tanto dos carnés como de calquera outra habilitación profesional necesaria no ámbito da seguridade industrial.

O acordo de coordinación asinado o 9 de abril de 2010 entre a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (actualmente Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) para establecer un procedemento co fin de que o proceso de obtención de determinados carnés profesionais se articule a través da Dirección Xeral de Formación Profesional, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, establece que esta última adoptará as

medidas necesarias para que nos centros integrados de formación profesional ou naqueles outros dependentes desta consellería que se estableza, que impartan formación profesional, se realicen as xestións encamiñadas á obtención dos carnés profesionais e das habilitacións profesionais nas especialidades que conxuntamente se determinen.

Así mesmo, faculta a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para realizar as convocatorias anuais para a obtención dos carnés profesionais e das habilitacións profesionais polo procedemento de exame.

En virtude do anteriormente exposto, co fin de regular a organización e o desenvolvemento dos exames para a obtención de determinados carnés profesionais e habilitacións profesionais,

DISPOÑO:

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

O obxecto desta orde é establecer o procedemento que seguirá a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a realización dos exames encamiñados á obtención dos carnés profesionais e das habilitacións profesionais (código do procedemento ED527A) para o ano 2023 nas seguintes especialidades:

Carnés profesionais:

- Carné profesional de instalacións térmicas de edificios.
- Carné profesional de operador/a de guindastre torre.
- Carné profesional de operador/a de guindastre móbil autopropulsado, categoría A.
- Carné profesional de operador/a de guindastre móbil autopropulsado, categoría B.

Habilitacións profesionais:

- Operador/a industrial de caldeiras.
- Instalador/a de gas, categoría A.
- Instalador/a de gas, categoría B.
- Instalador/a de gas, categoría C.
- Instalador/a de produtos petrolíferos líquidos, categoría I.
- Instalador/a de produtos petrolíferos líquidos, categoría II.
- Reparador/a de produtos petrolíferos líquidos, categoría III.
- Manipulador/a de equipamentos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados.
- Manipulador/a de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a tres quilogramos de gases fluorados.
- Manipulador/a de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías de calquera carga de refrixerantes fluorados.
- Manipulador/a de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías que empreguen menos de tres quilogramos de refrixerantes fluorados.

Artigo 2. *Convocatorias*

O procedemento obxecto desta orde articularase en dúas convocatorias independentes, denominadas primeira e segunda, en atención ao período do ano en que se desenvolvan.

En razón do número de participantes inscritos/as nas últimas convocatorias e co obxectivo de optimizar os recursos, a relación de especialidades que serán obxecto de exame en cada unha das convocatorias será a seguinte:

1. Especialidades obxecto de exame na primeira convocatoria:

Carnés profesionais:

- Carné profesional de operador/a de guindastre torre.
- Carné profesional de operador/a de guindastre móbil autopropulsado, categoría A.
- Carné profesional de operador/a de guindastre móbil autopropulsado, categoría B.

Habilitacións profesionais:

- Operador/a industrial de caldeiras.

2. Especialidades obxecto de exame na segunda convocatoria:

Carnés profesionais:

- Carné profesional en instalacións térmicas de edificios.
- Carné profesional de operador/a de guindastre torre.
- Carné profesional de operador/a de guindastre móbil autopropulsado, categoría A.
- Carné profesional de operador/a de guindastre móbil autopropulsado, categoría B.

Habilitacións profesionais:

- Operador/a industrial de caldeiras.
- Instalador/a de gas, categoría A.
- Instalador/a de gas, categoría B.
- Instalador/a de gas, categoría C.
- Instalador/a de produtos petrolíferos líquidos, categoría I.
- Instalador/a de produtos petrolíferos líquidos, categoría II.

- Reparador/a de produtos petrolíferos líquidos, categoría III.
- Manipulador/a de equipamentos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados.
- Manipulador/a de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a tres quilogramos de gases fluorados.
- Manipulador/a de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías de calquera carga de refrixerantes fluorados.
- Manipulador/a de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías que empreguen menos de tres quilogramos de refrixerantes fluorados.

Artigo 3. Requisitos das persoas aspirantes

Para seren admitidas á realización das probas, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estaren en idade legal laboral ou teren a idade mínima que, de ser o caso, poida esixir a normativa sectorial correspondente.
- b) Requisitos específicos que para cada especialidade se establezan na normativa vixente.

Artigo 4. Solicitudes

1. As persoas aspirantes deberán solicitar a súa admisión ás probas mediante solicitude, segundo o modelo que figura no anexo I (código de procedemento ED527A) desta orde. No caso de teren interese na obtención de máis dun carné profesional ou habilitación profesional presentarán unha solicitude por cada un deles, xunto coa correspondente documentación xustificativa.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 5. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas en participar en calquera das especialidades deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación.

a) Xustificante de liquidación de taxas (clave 32.07.01), consonte o establecido no artigo 7 desta orde.

2. As persoas interesadas en participar nas probas para a obtención dalgún dos catro carnés profesionais deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Certificación de superación do curso teórico-práctico impartido por unha entidade recoñecida pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

b) Certificado de estar a cursar un curso teórico-práctico impartido por unha entidade recoñecida pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación. Será necesario presentar este certificado no caso de non ter rematado o devandito curso. Cumprirá presentar a certificación de superación o día da celebración da primeira parte da proba.

3. As persoas interesadas en participar nas probas para a obtención dalgunha das habilitacións profesionais de gases fluorados deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Certificación de superación do programa formativo para a manipulación de gases fluorados. O certificado do curso asociado á modalidade de certificado polo que se concorre á proba, malia non constituír un requisito para presentarse á proba, é imprescindible para a expedición do certificado persoal, despois de superada esta.

4. As persoas interesadas en participar nas probas para a obtención do carné de instalacións térmicas en edificios e das habilitacións profesionais de gases fluorados tamén deberán achegar coa solicitude:

a) Informe de vida laboral para a acreditación da experiencia laboral, expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

b) Certificación de empresa segundo o anexo II, para acreditación da experiencia laboral. No anexo II, a experiencia laboral describirase mediante a relación de actividades desenvolvidas, nos termos recollidos na normativa da especialidade que corresponda.

5. As persoas interesadas en participar nas probas para a obtención dos carnés de guindastre torre e guindastre móbil autopropulsado, categorías A e B, tamén deberán achegar coa solicitude o seguinte:

a) Xustificación da equivalencia do título da ESO para efectos académicos ou profesionais.

b) Certificado médico e psicotécnico específico en vigor. Este certificado será expedido nos termos establecidos para cada carné, no Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.

6. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica. Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

7. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 6. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.

b) Títulos oficiais non universitarios requiridos, cando o estableza a especialidade.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 7. Pagamento de taxas

1. Xunto coa solicitude deberase presentar xustificante para a Administración do impreso correspondente de autoliquidación de taxas (importe de 41,59 euros), validado pola entidade bancaria onde se realice o ingreso. O modelo de impreso, así como os datos e os códigos que se deben indicar, son os seguintes:

Modelo A.

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Código 07.

Delegación de Servizos Centrais. Código 13.

Servizo de Xestión da Formación Profesional. Código 03.

Taxa. Denominación: Capacitación profesional para o exercicio de actividades no ámbito das minas e seguridade industrial: realización de probas para a obtención do certificado e expedición de certificados de formación profesional. Código 320701.

2. Se a solicitude se presenta por medios electrónicos na sede da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.gal>), procederase ao pagamento da taxa vixente no momento da presentación electrónica da solicitude de acordo co establecido no punto anterior.

Neste caso non será obrigatoria a presentación do xustificante de pagamento electrónico da taxa que será verificado pola propia Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

3. A non presentación dentro de prazo deste xustificante, no que debe figurar o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación deste documento suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude (anexo I, código de procedemento ED527A).

Artigo 8. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. Para a primeira convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes será desde o día 27 de febreiro ao día 13 de marzo de 2023, ambos os dous incluídos.

2. Para a segunda convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes será desde o día 19 de xuño ao día 3 de xullo de 2023, ambos os dous incluídos.

Artigo 9. *Admisión de solicitudes*

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, coas causas de exclusión, na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.

2. As persoas excluídas, así como as que non figuren nin nas relacións de admitidas nin nas de excluídas, disporán de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para a emenda de defectos.

3. Logo de transcorrido o prazo de reclamacións e revisadas estas, publicarase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, coas datas, a hora, os lugares de realización dos exames e as causas de exclusión das persoas que non resultasen seleccionadas.

Esta listaxe publicarase na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.

Artigo 10. *Tribunais cualificadores*

1. Constituirase como mínimo un tribunal para cada especialidade. Os membros titulares e suplentes do tribunal serán nomeados pola dirección do centro designado pola Dirección Xeral Formación Profesional.

Cada tribunal estará formado por un presidente ou unha presidenta e, como mínimo, dúas persoas que actuarán como vogais. Como secretario ou secretaria actuará o/a vogal de menor idade, no caso de que non haxa acordo. Cando cumpra, poderá formar parte do tribunal profesorado con destino noutro centro, sempre que pertenza á mesma familia profesional.

2. Logo da convocatoria do presidente ou da presidenta, constituirase o tribunal respectivo, coa asistencia da maioría simple dos seus membros, titulares ou suplentes. Na devandita sesión, o tribunal acordará todas as decisións que corresponda para garantir o correcto desenvolvemento das probas.

3. A partir da súa constitución, para que o tribunal poida actuar validamente requirirase a presenza dun mínimo de tres membros, dos cales un será obrigatoriamente o presidente ou a presidenta. Os membros titulares e os suplentes poderán actuar indistinta e concorrentemente.

4. O tribunal cualificador correspondente resolverá cantas incidencias se susciten no ámbito destas convocatorias. Para os efectos de comunicación e demais incidencias, os tribunais

terán a súa sede na Dirección Xeral de Formación Profesional, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

5. Os membros dos tribunais percibirán as indemnizacións correspondentes segundo o establecido no artigo 26.2º do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. O tribunal poderá dispor a incorporación de persoal asesor especialista para cada un dos carnés convocados, que lle prestará a súa colaboración ao tribunal nas especialidades técnicas de cada materia. Así mesmo, o tribunal poderá valerse da actividade de persoal auxiliar durante a realización dos exercicios.

Artigo 11. *Desenvolvemento dos exames*

1. A sede de realización dos exames para cada especialidade publicarase na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.

2. Para a realización do exame, as persoas candidatas deberán ir provistas do documento oficial que acredite a súa identidade e de bolígrafo negro ou azul.

3. Os exames estarán constituídos por dúas partes, e versarán sobre os coñecementos, contidos, etc., especificados na regulamentación de cada especialidade e que constitúen a materia de avaliación. O seu desenvolvemento realizarase xeralmente na mesma xornada:

a) Primeira parte. Exercicio teórico escrito consistente na resolución dun cuestionario tipo test proposto polo tribunal de cada especialidade. Poderá incluír cuestións sobre coñecementos tecnolóxicos e cálculos básicos no ámbito da competencia do carné profesional ou da habilitación profesional.

b) Segunda parte. Poderá consistir nun suposto práctico escrito ou nunha proba real de manipulación, manobra ou operación, e versará sobre a resolución dun problema ou de varios problemas, ou no seguimento de instrucións contextualizadas, segundo determine o tribunal, en relación cos requisitos prácticos propios de cada especialidade.

No suposto práctico escrito, cumprirá que se desenvolva o conxunto ou a secuencia de operacións ordenadas que dan lugar ao resultado final, ou a xustificación razoada da resposta, se se require na cuestión algún argumento de reflexión; en caso contrario, non se puntuará o exercicio.

Nesta proba, o tribunal cualificador poderá permitir o uso do regulamento técnico ou de calquera material adicional que considere necesario para o desenvolvemento da proba. A relación deste material comunicaráselles ás persoas participantes de cada especialidade, de ser o caso, a través da páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.

En calquera caso, poderase utilizar calculadora científica, excepto as que sexan programables ou con capacidade para almacenar e transmitir datos.

Para os carnés de operador/a de guindastre móbil autopropulsado, a segunda parte consistirá nunha proba de demostración real de destreza na manobra e na operación co guindastre baixo as instrucións e as indicacións especificadas polo tribunal. Esta proba poderá realizarse empregando un guindastre móbil autopropulsado ou un simulador, e poderá ademais levarse a cabo nunha xornada distinta da primeira parte.

Artigo 12. *Cualificación dos exames*

1. A puntuación mínima para superar cada parte corresponderá á metade do valor da puntuación máxima posible da devandita parte. Na parte teórica a nota formarase de acordo coa expresión: número de respostas correctas - (número de respostas incorrectas/3).
2. Os exames cualificaranse como "apto/a" ou "non apto/a". Para considerarse apto/a deberanse aprobar as dúas partes independentemente.

Artigo 13. *Listaxes de cualificacións*

1. O tribunal cualificador publicará a listaxe provisional de cualificacións na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.
2. Disporase dun prazo de cinco días hábiles desde a publicación da listaxe provisional de cualificacións para formular reclamacións ante o presidente ou a presidenta do tribunal

cualificador, que resolverá as reclamacións. Para garantir o anonimato e a obxectividade da corrección, non se permitirá, agás por circunstancias excepcionais que deberán estar claramente xustificadas, a revisión presencial dos exames.

3. Finalizado o prazo, o tribunal enviará a proposta da listaxe de cualificacións por especialidades á Dirección Xeral de Formación Profesional, quen a elevará a definitiva mediante unha resolución. A listaxe definitiva de cualificacións publicarase na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.

4. Contra a resolución definitiva poderase interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes desde a súa publicación.

Artigo 14. *Expedición de carnés profesionais e habilitacións profesionais*

1. Logo de elevada a definitiva a listaxe, as persoas que resulten aptas recibirán o carné profesional ou a habilitación profesional correspondente.

2. Segundo o establecido no Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, a posesión do carné profesional de instalacións térmicas en edificios constitúe un requisito para a obtención do certificado persoal para a manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a tres quilogramos de gases fluorados. Xa que logo, ás persoas que, ao abeiro desta orde, superen as probas que dan lugar á obtención deste carné profesional, expediráselles de oficio o devandito certificado persoal.

Artigo 15. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3. No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 16. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os devanditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira. Arquivamento e destrución das probas

A Dirección Xeral de Formación Profesional será a encargada do arquivamento dos exames durante un mínimo de tres meses tras a súa finalización. Transcorrido este período poderá procederse á destrución das probas das que non se formule reclamación. No caso dos exames reclamados, a documentación conservarase durante un período de cinco anos.

Disposición derradeira primeira. *Autorización*

Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional para ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do previsto nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

INSÍRASE NO DOG

ANEXO I

**Solicitud de inscripción nas probas para a obtención de determinados carnés profesionais e
habilitacións profesionais (código de procedemento ED527A)**

(NON ESCRIBIR NO DORSO)

A4 (210x297) UNE

MD85LEX123

ANEXO II

Modelo de certificación de actividades desenvolvidas na empresa

(NON ESCRIBIR NO DORSO)

A4 (210x297) UNE

MD85LEX123